

LINGUA GALEGA E LITERATURA

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

CONTIDOS MÍNIMOS

1º DE ESO:

- Coñecemento da orixe do galego e os elementos básicos que o compoñen.
- Manexo correcto do concepto de normalización do galego.
- Coñecemento da situación actual do galego e Lusofonía.
- Coñecemento suficiente da diversidade lingüística do galego e o proceso polo cal se chegou a ela.
- Redacción dun texto con corrección, adecuación e coherencia sobre un tema dado.
- Responder correctamente á preguntas dadas sobre un texto axeitado ao seu nivel, así como saber cal é o tema, facer unha síntese e presentar as ideas principais e secundarias.
- Manexar correctamente o concepto de lenda, novela, relato curto, conto tradicional, teatro, texto poético, texto xornalístico...
- Indicar correctamente xénero e número de palabras dadas así como formar os seus femininos e plurais.
- Recoñecer substantivos, adxectivos, verbos (e conxugación), pronomes, determinantes...
- Recoñecer e manexar palabras homónimas, homófonas, polisémicas, simples, derivadas, compostas, prefixos, sufixos.

2º DE ESO:

- Coñecemento da orixe do galego e os elementos básicos que o compoñen.
- Manexo correcto do concepto de normalización do galego.
- Coñecemento da situación actual do galego. A normalización lingüística.
- Coñecemento e valoración da diversidade lingüística. Os prexuízos lingüísticos.
- A lusofonía.

- Recoñecer e producir textos dos diferentes xéneros literarios.
- Redactar un texto con corrección, adecuación e coherencia sobre un tema dado.
- Narrar, describir, expresar por escrito unha reflexión crítica con adecuación á súa idade.
- Responder correctamente á preguntas dadas sobre un texto axeitado ao seu nivel de diferentes tipoloxías, así como saber cal é o tema, facer e unha síntese e presentar as ideas principais e secundarias.
- Utilizar as ferramentas e técnicas de aprendizaxe: o resumo, o esquema
- Indicar correctamente xénero e número de palabras dadas así como formar os seus femininos e plurais.
- Recoñecer substantivos, adxectivos (tipos), verbos, pronomes e determinantes, preposicións, adverbios e conxunción.
- Recoñecer os tipos de oración simple e os seus elementos básicos.

- 3º DE ESO

- Recoñecemento das principais etapas da lingua galega, do seu nacemento ao século XXI indicando as características de cada período. Manexar o concepto de normalización. Facer unha reflexión con espírito crítico sobre a situación actual do galego coñecendo e manexando conceptos de sociolingüística, incluídas as interferencias.
- Recoñecer a realidade lingüística actual da Península Ibérica.
- Coñecer e recoñecer os trazos representativos de bloques lingüísticos.
- Elaborar un texto correcto, completo, coherente e cohesionado a partir dun tema dado.
- Identificar os principais tipos de palabras así como saber o xénero dos substantivos e saber formar o feminino e plural de substantivos e adxectivos.
- Recoñecer e manexar con corrección o léxico recollido no apartado de contidos.
- Identificar os tipos de cantigas medievais recoñecendo as súas principais características así como coñecementos mínimos do contexto en que se desenvolveron. Realizar un comentario dos seus elementos principais.
- Demostrar mediante probas orais ou escritas que se coñece o paradigma verbal.
- Responder correctamente á preguntas dadas sobre un texto axeitado ao seu nivel, así como saber cal é o tema, facer unha síntese e presentar as ideas principais e secundarias.

- Manexar con corrección os conceptos de lexema, prefixo e sufixo e saber identificalos en palabras dadas.
- Coñecer a figura e obra dos principais autores do Rexurdimento: Rosalía, Curros, Pondal así como as principais características do seu labor. Realizar un comentario sobre poema ou poemas.

4ºESO

- Coñecer e valorar o plurilingüismo. Uso plurilingüe como ferramenta útil de comunicación e aprendizaxe.
- Coñecer o proceso de Normalización do galego. Ter unha actitude positiva perante as prácticas normalizadoras do uso do galego.
- Distinguir as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas. A función da lingua estándar.
- Distinguir os prexuízos lingüísticos e as súas consecuencias.
- Coñecer e valorar a diversidade lingüística da P.Ibérica. As leis. A lusofonía.
- Coñecer a Historia Social da Lingua desde 1916 á actualidade.
- Coñecer e identificar as categorías gramaticais e as súas características.
- Coñecer os tipos de oración simples e compostas (coordinadas e subordinadas). Os elementos da oración.
- Identificar e comprender os períodos e xeracións da literatura galega de 1916 á actualidade..
- Ler autonomamente e comentar criticamente obras desta etapa.

- 1º DE BACHARELATO

- Coñecemento e manexo dos contidos indicados para este curso. Este coñecemento será demostrable por trimestres se se adaptan positivamente aos criterios de avaliación específicos mediante probas orais e/ou escritas ou en probas globais deseñadas polo profesor ou profesora.
- Utilizar a lingua galega para comunicarse, oralmente e por escrito, con corrección fonética e ortográfica.
- Diferenciar as variedades da lingua (xeográficas e sociais), e variedade estándar
- Identificar as interferencias lingüísticas entre galego e castelán, valorando a produción correcta do galego.

- Analizar os usos sociais da lingua, valorando a ausencia de prexuizos e estereotipos.
- Elaborar a información, oralmente e por escrito, a partir dos medios tradicionais de comunicación e dos medios informáticos (Internet, bases de datos, procesadores de textos...).
- Coñecer os conceptos teóricos e os procedementos lingüísticos (flexión, clasificación, análise, etc.) propios da gramática galega.
- Coñecer os mecanismos da renovación léxica e utilizar correctamente as palabras patrimoniais, os cultismos, os semicultismos e as terminoloxías específicas.
- Producir textos propios do ámbito académico (resumos, traballos monográficos, consultas bibliográficas, etc.), servíndose de procedementos de documentación e de estratexias que faciliten a comprensión e a expresión (fichas, esquemas, etc.).
- Coñecer os autores, características da súa obra e comentar as obras máis representativas da literatura galega da Idade Media e dos séculos XVI, XVII, XVIII, XIX, e establecer relacións entre os textos e a etapa na que foron creados.
- Interpretar textos e obras literarias e emitir xuízos fundados sobre aspectos formais e temáticos.
- Producir textos correctos emitindo de xeito eficaz xuízos críticos sobre temas de actualidade a partir dun texto dado ou tema presentado

2º DE BACHARELATO

- Coñecemento e manexo dos contidos indicados para este curso. Este coñecemento será demostrable por trimestres se se adaptan positivamente aos criterios de avaliación específicos mediante probas orais e/ou escritas ou en probas globais deseñadas polo profesor ou profesora.
- Utilizar a lingua galega para comunicarse, oralmente e por escrito, con corrección fonética e ortográfica.
- Diferenciar as variedades da lingua (xeográficas e sociais), e variedade estándar.
- Identificar as interferencias lingüísticas entre galego e castelán, valorando a produción correcta do galego.
- Analizar os usos sociais da lingua, valorando a ausencia de prexuizos e estereotipos.
- Elaborar a información, oralmente e por escrito, a partir dos medios tradicionais de comunicación e dos medios informáticos (Internet, bases de datos, procesadores de textos...).
- Coñecer os conceptos teóricos e os procedementos lingüísticos (flexión, clasificación, análise, etc.) propios da gramática galega.
- Coñecer os mecanismos da renovación léxica e utilizar correctamente as palabras patrimoniais, os cultismos, os semicultismos e as terminoloxías específicas.

- Producir textos propios do ámbito académico (resumos, traballos monográficos, consultas bibliográficas, etc.), servíndose de procedementos de documentación e de estratexias que faciliten a comprensión e a expresión (fichas, esquemas, etc.).
- Coñecer os períodos da Historia da Lingua Galega. Elaboración do estándar e desviacións da norma.
- Coñecer as tipoloxías textuais e elaborar textos segundo as súas características.
- Análise sintáctica da oración composta: coordinación e subordinación.
- Coñecer os autores, características da súa obra e comentar as obras máis representativas da literatura galega do século XX e de principios do século XXI e establecer relacións entre os textos e a etapa na que foron creados.
- Interpretar textos e obras literarias e emitir xuízos fundados sobre aspectos formais e temáticos.
- Producir textos correctos emitindo de xeito eficaz xuízos críticos sobre temas de actualidade a partir dun texto dado ou tema presentado

Ademais destes contidos mínimos en cada nivel hai libros de lectura.